



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN ENTRE A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA E A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, A TRAVÉS DA DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE

(1) Esta consellería do Medio Rural a través da Dirección Xeral de Defensa do Monte é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a formación continua e perfeccionamento do persoal de prevención e extinción de incendios forestais.

(2) **Antecedentes:** referencia á evolución dos acontecementos ata este momento.

Conforme á Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, este centro é un organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito á Consellería competente en materia de interior e xustiza. Entre outros fins, a AGASP ten encomendada a función de organizar e impartir os cursos de formación continua, perfeccionamento e especialización dos membros dos corpos de policía local, servizos municipais de protección civil e xestión de emerxencias, e servizos de prevención e extinción de incendios e salvamento, segundo o artigo 4 da devandita Lei, que tamén prevé no seu artigo 5.2 a función de promover relacións de intercambio e colaboración, coas universidades e institucións de Galicia.

Que mediante o Decreto 24/2010, do 25 de febreiro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp). Mediante o Decreto 88/2018, do 26 de setembro, estableceuse a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Así mesmo, polo Decreto 106/2018, do 4 de outubro, modificouse parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Co Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da





Xunta de Galicia, preténdese o reforzo do ámbito rural, para os efectos de aproveitar a potencialidade deste sector estratéxico de Galicia, atendendo principalmente ás propias necesidades do sector e, en especial, na prevención e extinción de incendios, respecto da cal a experiencia acumulada nos últimos anos, fai necesaria a creación dun centro directivo propio e independente da xestión forestal que acometa a defensa integral do monte en Galicia.

A Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración galega ao cal, baixo a superior dirección da persoa titular do departamento, lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución Española.

Que en aras dos principios de eficacia e eficiencia que deben presidir toda actuación administrativa, ambas partes detectan a necesidade de cooperar no exercicio da función de formación continua e perfeccionamento do persoal de prevención e extinción de incendios forestais, porque brinda a oportunidade de multiplicar os logros de cada institución reducindo os custos.

Que advertidos e convencidos do interese público e común desa colaboración, acordan formalizalo xuridicamente mediante convenio.

(3) **Finalidade** Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa *Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP)* o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende xuño de 2019 ata xuño de 2023 (*vixencia de catro anos*).

(4) O convenio ten por obxecto acordar un marco de colaboración entre a AGASP e a CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, para a formación continua do persoal de prevención e extinción de incendios forestais.

Esta formación levarase a cabo mediante cursos e demais accións formativas sobre temas que sexan de interese profesional e que supoñan unha mellora da súa cualificación e eficacia no servizo, a través do mantemento ou potenciación da súa capacitación, así como mediante a participación en actividades de difusión das funcións, medios e procedementos.

(5) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:





O contido da formación será obxecto dunha planificación a proposta da Dirección xeral de Defensa do Monte, consensuada e temporalizada para cada anualidade ou campaña por parte da Comisión de Seguimento en funcións das necesidades que se vaian observando, ou das que puideran xurdir de xeito continxente.

As actividades formativas poderán incluír a actualización de coñecementos, capacidades e destrezas nas seguintes materias:

- *procedementos e seguridade en incendios forestais*
- *primeiros auxilios*
- *condución de vehículos todo terreo*
- *condución e manexo de vehículos motobomba*
- *comunicacións*
- *ferramentas informáticas de xestión e codificación de incendios forestais*
- *prevención de riscos laborais en materia de extinción de incendios forestais*
- *calquera outra temática a maiores que puidera demandarse.*

(6) Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, *(asinado dixitalmente)*

